



RIO SARELA E REGO GATOFEIRO

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org

28 XANEIRO 2023

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

A nosa primeira ruta do ano lévanos ata a zona de Santiago de Compostela. Comezamos o itinerario na ponte medieval que cruza o río Sarela. Este paseo é un mundo aparte, alleo completamente a cidade, que penetra no bosque e suxire excursión, aventura, descubrimento e contacto directo ca natureza. Corre paralelo ao pequeno río Sarela e permite constatar a importancia histórica que na articulación do



territorio tiveron os canles fluviais: pontes, acequias, canles, muíños, fábricas de curtidos... Estas últimas tiveron un papel moi relevante no desenrolo económico da cidade dende mediados do século XIX ata a metade do XX, tal e como queda patente ao longo deste percorrido que

empeza nunha destas construcións fabrís, a de Ponte Sarela. Resulta evidente que unha parte relevante dos pasos sobre o Sarela que hai hoxe son de orixe recente e, no mellor dos casos, veñen a substituír vaos practicables en verano ou pontes de madeira (asentados sobre estribos de pedra ou non). Algunhas pontes actuais están demasiado próximos e podería ser, simplemente, que o que hoxe é unha ponte antes fora unha plataforma para acceso a unha zona de muíños, unha pasarela ou un pasal. Con todo e ben certo que este fenómeno de pontes próximos tamén podemos atribuílo as reconstrucións de pasos antigos feitas pensando en darlles máis solidez ou mellor protección fronte as crecidas (cun novo ángulo, en un mellor treito de

paso). A documentación deixa ver claramente que habemos de pensar nas ribeiras do Sarela como un espazo en constante evolución. Dende os tempos medievais crecen constantemente o número de muíños o que da lugar a novas necesidades. O río Sarela é un afluente do Sar.

Nace ó pé do monte Pedroso, na parroquia ou pedanía de A Peregrina. Discorre ao longo de 10 km rodeando a cidade de Santiago polo Este. No seu percorrido atravesa as pedanías de A Peregrina, Vista Alegre, San Paio y Vidán. No lugar de Ponte Vella da Rocha desemboca no río Sar.



situación o converte nun dos mellores miradoiros para observar a cidade de Compostela como si fóra a vista de paxaro. Dende o alto do monte Pedroso poderemos ver practicamente toda a cidade, onde destaca o casco antigo e a famosa Catedral de Santiago. De fondo veremos o mítico Pico Sacro e entre estes a controvertida e polémica Cidade da Cultura de Gaiás. León XIII foi Papa dende 1878 e 1903. En unha das súas propostas pediu que nas montañas máis altas de cada zona erixise unha cruz que puidera ser visible dende ao redor. Así, desta forma, a xente ao saír da súas casas puidera santiguarse. O Monumento a Cruz foi un desas cruces construídas nos puntos máis altos. Esta foi construída no ano 1900 por orde do Cardeal Martín de Herrera. A petición deste, o papa concedería 300 días de indulxencias a quen rezase vindo o monumento da cruz. Existe un vía crucis que nos levará ao alto do monte e con elo aos pes da gran cruz. Foi levantado por subscripción popular e o mesmo cardeal o inaugurou en 1909. O inicio do vía crucis encóntrase en Ponte Asén e pasa por Casas Novas antes de emprender a subida ao mítico e lexendario Monte Pedroso.

Cerca da parroquia de A Peregrina, encóntrase o Rego de Gatofero. Augas arriba nace no monte de Modesto Anido chamándose Rego de Vrins, que cambia a súa denominación polo Rego do Muíño ao que se une o Rego da Portela. Tras desaguar no Rego de Arada, pasa a chamarse Rego de Gatofero, que desemboca no río Tambre, despois de recibir as augas do Rego de Regoneto. Na contorna da freixa atoparemos dous muíños e dúas pontes medievais. Non existe sinalización para chegar ata ela. Sobre o río Gatofero, aparece unha sinxela ponte dun só arco. É atravesada polo Camiño Real, que forma parte dun dos sete itinerarios medievais tradicionais polos que se chegaba a Compostela, en concreto do camiño que entraba pola Porta Subfratribus ou de San Francisco, e que comunicaba a cidade coa comarca de Bergantiños. Ademais, neste rego do Gatofero sitúase tamén o límite do Xiro da Cidade, elemento fundamental para a xestión do seu couto xurisdiccional.

Próxima Ruta:
Pico Sacro e Xantar
18 FEBREIRO 2023

DATOS BÁSICOS

Comezo: Ponte Pontepedriña
Remate: Ponte Pontepedriña
Distancia lineal: 21 km.
Duración aproximada: 5.5 horas
Dificultade: Media-Alta.
Altura Máxima: 468 m.
Altura Mínima: 243 m.
Ascenso total: 430 m
Descenso total: 430 m

